

GALEUROPA: abrindo novas vías de inserción laboral na mocidade

A Xunta convocará o programa deste ano previsiblemente a finais de mes. Na convocatoria do pasado ano participaron unha quincena de mozos e mozas de Betanzos.



De esquerda a dereita: María José Doport, responsable do Espazo Xove de Betanzos, Jacobo López Roque Vázquez, a Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, Andrés Díaz e Héctor Termenón nun encontro en Betanzos trala participación dos mozos no programa Galeuropa

REDACCIÓN / Betanzos

Incrementar as posibilidades de inserción laboral para a mocidade, complementar a competencia profesional e persoal, adquirir competencias en idiomas estranxeiros e reducir obstáculos lingüísticos ou fomentar a autonomía persoal son algúns dos obxectivos do Programa de mobilidade transnacional Galeuropa, que convoca a Consellería de Política Social da Xunta a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

O programa permite á mocidade optar a becas para poderen realizar prácticas non remuneradas en

empresas ou en institucións de países europeos por un período de entre dous e catro meses.

A convocatoria deste ano aínda non saíu publicada mais a previsión da Xunta é que ésta se realice a finais deste mes de marzo ou principios de abril. As becas, ás que poden optar mozos e mozas galegos que cumpran unha serie de requisitos, inclúen os gastos de viaxe, manutención e aloxamento así como apoio lingüístico no caso de que sexa preciso. A cobertura de gastos é do 100%.

Na convocatoria do pasado ano 2016 participaron unha quincena de mozos e mozas de Betanzos, de

diferentes idades e perfís, con distintas aspiracións laborais ou formativas, con distintos destinos pero que compartiron unha experiencia moi similar e que todos definen como "positiva, enriquecedora, recomendada". Moitos deles regresaron a Betanzos para continuar a súa formación, outros quedaron nos países nos que realizaron as prácticas e outros buscaron saídas formativas ou laborais en Galicia ou noutras comunidades.

Mais a experiencia que trouxeron das estadias serviulles precisamente para tomar contacto cun mundo laboral diferente, no que tiveron que adaptarse a países con costu-

mes e culturas distintas, aprender ou reforzar os seus coñecementos en idiomas e desenvolverse por si mesmos no que para moitos era a súa primeira "saída" fóra da casa.

Todos salientaron a boa colaboración e a axuda prestada a través do Espazo Xove de Betanzos no que recibiron toda a información, asesoramento e axuda para tramitar as solicitudes e para atopar empresas ou institucións no estranxeiro nos que realizaren as súas prácticas.

A convocatoria deste ano aínda non saíu publicada mais os bolseiros do Galeuropa 2016 advirten á mocidade que estea pensando nesta posibilidade que vaian infor-

mándose para buscar as empresas que se adapten aos seus intereses con tempo suficiente, xa que "os prazos de solicitude son curtos e as empresas tardan en responder". Así garantirán a súa estadia nas condicións máis favorables para os seus intereses persoais ou profesionais.

Recentemente, a Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo un encontro cos bolseiros betanceiros de 2016 para intercambiar impresións e salientou os datos dun estudo que reflicte que o desemprego diminuíu nun 67% entre os participantes neste programa.

Unha experiencia enriquecedora

Ademais dos testemuños recollidos nesta reportaxe, na convocatoria do pasado ano de Galeuropa participaron outros mozos e mozas de Betanzos e do entorno que realizaron as súas prácticas en diferentes países europeos: Jacobo López García nun colexio de Dublín (Irlanda); Roque Vázquez Mayo nunha televisión en Sicilia (Italia); Andrés Díaz Rincón nunha oficina de turismo en Sicilia (Italia); Héctor Termenón López nun estudio de arquitectura en Berlín (Alemaña); Noelia Ríos Maceiras nun bufete de avogados en Sicilia (Italia)...

Todos eles recomentan a experiencia a outros mozos e mozas como un xeito de completar a súa formación, de tomar contacto co mundo laboral nun país diferente, de aprender idiomas, de convivir con outras culturas e de desenvolverse por si mesmos... en definitiva, todos coinciden en que contribúe ao enriquecemento persoal e serve de apoio para encarar o seu futuro profesional.



Marina Seijas Rosende
Prácticas en Berlín
(Alemaña)

"Fixen as prácticas na Consellería de Empleo y Seguridad Social da Embaixada Española, en Berlín. A adaptación foi fácil tanto no posto de traballo como na cidade. O que si foi difícil foi alugar unha habitación! Nos tres meses que estiven alí aproveitei para iniciarme no alemán facendo un curso.

É unha experiencia totalmente recomendable, non só polas portas que che abre o feito de ter traballado fóra, poder falar diferentes idiomas, senón tamén pola riqueza que é viaxar, coñecer xente nova e aprender a vivir en culturas diferentes.

A mozos e mozas que pensen en optar a esta beca recomendaríalles que empecen a buscar as empresas nas que lles gustaría facer as prácticas no momento en que saia a convocatoria, porque os prazos son moi xustos e as empresas adoitan tardar en contestar. Polo resto, que se animen, é unha experiencia moi enriquecedora"



Manuel Pedreira Sanmartín
Prácticas en Dublín (Irlanda)

"Aínda que son Enxeñeiro Químico as prácticas fíxenas como profesor adxunto nun Instituto ás aforas de Dublín. Envíei currículos a diferentes empresas do meu sector en Italia, Portugal, Grecia... pero como os prazos son moi xustos non tiven resposta así que a través do Espazo Xove atopamos esta posibilidade e resultou moi satisfactoria en todos os sentidos.

Estiven tres meses e a experiencia foi moi boa, recibín moi bo trato, fixen bos amigos e aprendín inglés. Repetiría sen dubidalo. Este ano non porque estou facendo un Master e traballando en Barcelona e non me é posible.

Ademais da formación complementaria e da aprendizaxe este tipo de experiencias danche a oportunidade de probar outras alternativas, sair da casa, desenvolverte por ti mesmo noutro país e aprender a xestionar os recursos, abrir a túa mente a outras culturas e a outras maneiras de vivir".



María Ferrer Herrero
Prácticas en Bremen
(Alemaña)

"Cando rematei o Grao en Tradución e Interpretación marchei a Bremen (Alemaña) como Au Pair coa idea de mellorar os meus coñecementos de alemán. Alí entereime do programa Galeuropa e aproveitei unha viaxe a Betanzos para informarme e solicitalo. Mandeí currículos a diferentes empresas e tiven a sorte de que tres contactaron comigo. Ao final escollín PractiGo GmbH porque se axustaba mellor ao meu perfil. Comecei as prácticas en agosto e ao seren meses de verán non había moito traballo, pero cando houbo maior volume foi a ocasión perfecta para que os compañeiros comezasen a delegar en min. Foi entón cando comecei a darlle conta de todo o que estaba aprendendo na empresa.

O ambiente era fantástico e aínda que traballaba oito horas os horarios en Alemaña son moi flexibles. Ao remate da bolsa outra empresa contactou comigo e acabo de empezar unhas novas prácticas nunha empresa de tradución audiovisual que, de non ser por Galeuropa, non tería conseguido. Animo á mocidade a probar, a experiencia axuda a abrir portas noutros países, e ver como funciona o sistema laboral no estranxeiro".



Paula Pedreira Sanmartín e Lucía Arias Pita
Prácticas en Lisboa (Portugal)

Paula: "Nós fíxemos as prácticas na Cámara de Comercio Luso-Española en Lisboa. Ao principio tiñamos pouco traballo ao coincidir nos meses de verán pero a experiencia foi fascinante. Repetiríamolo. Creo que é moi importante para axudarche a quitar o medo a sair da casa, axúdache a ser máis aberto e a perder a vergoña, eso tamén axuda á hora de encontrar traballo. Sempre aprendes moito. Ademais, puidemos aproveitar o tempo para viaxar pola zona e coñecer outras localidades".

Lucía: "A experiencia foi estupenda. Para min foi un dos mellores veráns. Era a primeira vez que vivía fóra da casa e non me arrepinto nada. Ao principio tiñamos pouco traballo pero como estaba coa miña mellor amiga aproveitamos para facer pequenas viaxes. Recomendo aos mozos e mozas que se animen a probar e solicitar a beca porque aprendes moito e é de gran axuda á hora de buscar traballo".